



PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL COMPOSTELA ABERTA SOBRE O TRASLADO DO MERCADILLO DOS SALGUEIRIÑOS AO BARRIO DAS FONTIÑAS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL, sobre o posible traslado do Mercadillo que se celebra semanalmente nos Salgueiriños a unha nova ubicación no barrio das Fontiñas:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Despois de varias reunións con colectivos de comerciantes, o Grupo Municipal de Compostela Aberta tivo coñecemento da vontade do goberno municipal de trasladar o tradicional Mercadillo que se celebra nos Salgueiriños para o barrio das Fontiñas, concretamente, sendo a Rúa de Roma como nova ubicación.

A localización do Mercadillo todos os xoves, neste barrio, podería coincidir co inicio dun novo ano académico nos tres centros da contorna: CEIP das Fontiñas, IES das Fontiñas e IES 'Antón Fráguas', ademais de ser unha vía habitual de tránsito e conexión entre o barrio de San Lázaro e o resto da cidade a través do periférico, ou para acceder ás Fontes do Sar ou ao Gaias, e mesmo funciona como unha das entradas naturais para o tránsito doméstico e interior do propio barrio.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa contestación oral a seguinte PREGUNTA:

- Ten xa data fixa o goberno municipal para efectivizar este traslado e, asimismo, elaborado algún estudo do tráfico da zona, tendo en conta a proximidade dun CEIP e de dous IES neste ámbito urbano, ademais do tránsito habitual do barrio, e tamén elaborado algún informe sobre como repercutirá este cambio nas tarifas dos postos do Mercadillo?

Santiago de Compostela, a 22 de xullo de 2020

Marta Lois González

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

